JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 21/08/2020
HASH: b72fcdcaae89ba6eecbc96038c6c6d74

## BANDO INFORMATIVO SOBRE A CELEBRACIÓN DE FESTEXOS EN SAN RAMÓN DE BEALO 2020

D. José Ramón Romero, alcalde do Concello de Boiro

**FAI SABER**:

Como consecuencia da situación de excepcionalidade provocada pola pandemia producida pola Covid-19, e logo de coñecer as medidas que se están tomando polas administracións autonómicas e nacionais en canto ás medidas de prevención, seguridade e saúde públicas na loita contra o coronavirus, o Concello de Boiro, para garantir a seguridade da poboación e prevención de rebrotes, expón que, con motivo dos festexos de San Ramón de Bealo

**COMUNICA**:

**PRIMEIRO**. Que nin o Concello de Boiro nin a Comisión de Festas de San Ramón de Bealo organizan este ano a romaría nin ningún dos festexos que son tradicionais nestas datas, motivo polo que non se celebrará ningún deles.

**SEGUNDO**. Como consecuencia do anterior este ano NON ESTÁ PERMITIDA a instalación de postos de restauración, hostalería, nin atraccións (lúdicas, musicais, etc.) na contorna da ermida de San Ramón.

**TERCEIRO**. Lémbrase que de acordo co artigo 1.4 do decreto 159/2019, do 21 de novembro, da Xunta de Galicia, a ACAMPADA TURÍSTICA ESTÁ PROHIBIDA fora dos campamentos de turismo autorizados.

O incumprimento das disposición citas será sancionado segundo o disposto na normativa vixente.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

En Boiro, na data na que consta ao marxe

José Ramón Romero García

Alcalde

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008

Cod. Validación: AALSTF7NKZTJXKD47A3ZTDFZP | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1